

16 DE OUTUBRO

17:00h de ATOCHA a SOL

MANIFESTACIÓN

Renovábeis SI, pero NON ASÍ.

QUE NOS ESCOITEN EN MADRID

Para que?

Para trasladar a nosa proposta dun modelo de transición enerxética distribuído e xusto, que non só substitúa a grande escala os combustíbeis fósiles por fontes renovábeis.

Como?

Dando prioridade á redución do consumo global, o aforro e a eficiencia enerxética. Cunha correcta planificación e organización territorial, baseada en criterios de demanda local e cunha avaliación real e sinérxica dos impactos sobre a biodiversidade e os territorios. Achegar a produción aos lugares de uso, promovendo o autoconsumo e comunidades enerxéticas, que crean emprego local e reducen a factura da electricidade. Coa participación cidadá para poder decidir sobre os nosos territorios e futuro.

Por que?

Porque o modelo distribuído con fontes de enerxía renovábeis é a nosa grande oportunidade para democratizar a enerxía.

Porque é máis respectuoso no uso dos recursos naturais e as formas de vida do medio rural, limita os impactos ambientais e reduce os danos irreparábeis e innecesarios á biodiversidade.

Porque evita que o oligopolio das compañías eléctricas especule con enerxía, seguindo as lóxicas da rendibilidade máxima, como ocorre actualmente.

Porque defendemos que a enerxía é un ben común, mediante unha transición enerxética participativa, ecolóxica e xusta para as persoas e territorios, que realmente poña a vida no centro.

Outro modelo enerxético é posíbel.



Convoca a Alianza Enerxía e Territorio, integrando máis de 160 asociacións e plataformas.